

A Sra. Deza Martínez, voceira do Grupo Municipal do Partido Popular, tomou a palabra para desculpar a ausencia a esta sesión do concelleiro Sr. Martín González.

ACTA ANTERIOR:

1º) APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓN REALIZADAS OS DÍAS 17 E 27 DE XULLO DE 2015. Polo Sr. Presidente pregúntaselle aos asistentes á sesión se teñen que formular algunha observación ás actas que se someten a aprobación.

Ao non se formular ningunha observación, **apróbanse por unanimidade as referenciadas actas.--**

A)PARTE DISPOSITIVA:

2º) APROBACIÓN DA CONTA XERAL CONSOLIDADA DO ANO 2014 DO CONCELLO DE SANXENXO. De orde da presidencia o Sr. Secretario accidental indicou que non houbo reclamacións contra a conta de referencia no prazo de quince días transcorridos dende a publicación do edito no Boletín Oficial da Provincia nº 164 de 26 de agosto de 2015.

Deseguido o Sr. Secretario acctal. deu lectura ao ditame emitido pola Comisión de Contas, Asuntos Económicos e Patrimonio que literalmente en canto ao informe do documento di:

“2.- INFORME DA CONTA XERAL DO EXERCICIO DE 2014.- O pasado 23.07.15, rematadas as tarefas de elaboración da conta xeral do exercicio de 2014, que lle corresponden legalmente a intervención déuselle traslado a alcaldía da memoria e de toda a documentación que consta de 24 tomos, numerados do I ao XXI, constando o número XIV e XIV bis e o número XV A, XV B e XV C, debidamente foliados, rubricados e indiciados, contas anuais das sociedades mercantís dependentes, co obxecto de convocar a comisión para informe da conta xeral do exercicio de 2014.

A comisión foi convocada o pasado 29.07.15, cumprindo o disposto no artigo 212.4 da Lei 5/1997 de 2 de xullo, de Administración local de Galicia, en relación ao disposto nos artigos 66 e 67 do mesmo texto legal.

O alcalde abre a sesión para que o interventor expoña, comezando indicando a tramitación en todos os seus termos, dando conta de toda a documentación que contén a conta xeral, explicando que a mesma foi elaborada de conformidade co esquema da instrución de contabilidade vixente, correspondendo que esta comisión elabore o seu informe ou dictame tal e como establece o artigo 212 do R.D.L. 2/2004 de 5 de marzo, comezando cos datos de poboación, servizos de xestión directa, listados da conta, indicadores financeiros, fondo de tesourería, solvencia a curto prazo, endebedamento, pagos realizados, esforzo de investimento con referencia ao Concello e os seus organismos autónomos.

Indica o interventor que durante o prazo da convocatoria ata a celebración incorporouse un novo tomo (XIV bis-extraxudiciais-Concello) tendo en conta a disposición do Tribunal de contas, resolución de 10.07.15, da presidencia de dito tribunal pola que se publica o acordo do Pleno do 30.06.15, polo que se aproba a instrución que regula a remisión telemática de información sobre acordos e resolucións das entidades locais, formulados polos interventores e anomalías detectadas en materia de ingresos, así como acordos de reparos adoptados con omisión do trámite de fiscalización previa (BOE nº 170 de 17.07.15), en especial os instrumentados mediante expedientes de recoñecemento extraxudicial.

Igualmente falou da nova ponencia de valores que como a corporación coñece entra en vigor no ano 2015.

Igualmente falou do tema da caída do I.C.I.O., indicando que no plan de axuste aprobado todo aquilo que se liquide a máis será para facer fronte a débeda viva pendente de pagar polo Concello.

Tamén comentou a controversia dos expediente pendente de resolver con Espina y Delfín en todos os seus termos, como así tamén o fixo constar na memoria da conta xeral do ano 2013.

Comentou temas do centro de día, escolas infantís, provisións para insolvencias, etc.

Indica que a empresa mixta Turismo de Sanxenxo, S.L. debera ser liquidada a 31.12.15.

Comenta as devolucións que se están tramitando no ámbito do S.U. 13 e a problemática de outros ámbitos urbanísticos.

Tamén indica que, con referencia ao plan de axuste, se está na boa liña cumprindo todos os seus criterios que foron remitidos ao ministerio.

Igualmente fai unha exposición das controversias pendentes de resolver coa empresa adxudicataria dos servizos de auga, saneamento e depuración, en especial no tema da EDAR de Dena-Meaño, na que participa o Concello en máis dun 50 % estando pendente de controversia xudicial, ao momento presente, ao parecer dita infraestrutura foi asumida polo ente Augas de Galicia, a través dun contrato de xestión de servizos que é operativo desde o 01.07.15, o que obrigará a modificar a taxa municipal e a súa correspondente ordenanza fiscal, o Concello non poderá seguir xirando a taxas aos usuarios se non se presta o servizo. Este tema, ao día de hoxe, xa foi informado polo intervención. Tamén que a concesión da auga vence en 2019, sen posibilidade de prórroga. Comenta as controversias coa empresa concesionaria que deben tramitarse con celeridade a partir do mes de setembro de 2015, xa que están incoados desde agosto de 2012, sen pechar á data. Pronunciase porque o concesionario asuma todas as súas obrigas contractuais e, en especial, asumir todos os custes de explotación (bombeos, etc.) e que libre o canon prestado a favor do Concello. Outros asuntos como o subministro de auga de Pontevedra, os raios U.V.A. e similares deben peritarse debidamente. Menciona a devolución das facturas emitidas unilateralmente polo concesionario a este, desde o ano 2012 ao supor unha acción unilateral non admisible en dereito. Respecto da EDAR de Meaño incide en que a taxa imposta en 2001-2002 contiña un estado económico-financeiro que comprendía as dúas instalacións (Paxariñas e Meaño).

Por último, dentro das observacións, indica que con urxencia se debe renovar e actualizar o actual inventario de bens do Concello, débese de actualizar un inventario separado do patrimonio público do solo e débese ampliar o marxe de economía fiscal ata un 75 %.

Terminada esta exposición o alcalde agradécelle ao interventor todo o exposto nesta comisión con referencia á conta, e en vista de elo el asume a memoria-informe do interventor de data 23.07.15 que consta de 183 páxinas e anexos unidos de Nauta Sanxenxo, S.L., de Ínsula Sanxenxo, S.L. e de Turismo de Sanxenxo, S.L., que conteñen o plan de corrección de desequilibrio financeiro do ano 2014.

Cúmprese coa estabilidade orzamentaria, regra do gasto, nivel de débeda e estase a cumprir no ano 2015 o período medio de pago e o período medio legal de pago, o remanente de tesourería para gastos xerais figurado a 31.12.14 de – 4.164.384,83 euros descendeu a 30.06.15 a – 1.430.631,66 euros. O resultado orzamentario é positivo así como o aforro neto.

A comisión especial de contas, asuntos económicos e patrimonio, por unanimidade, da por elaborado o informe á conta xeral do ano 2014, tal e como se recolle na memoria do interventor xeral de data 23.07.15, e a dictamina en tal sentido.

De conformidade co disposto no artigo 212.2 da Lei 2/2004, texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, a conta xeral co informe desta comisión expoñerá a información pública mediante anuncio inserido no B.O.P., por un prazo de quince días, durante os cales e oito máis, os interesados poderán presentar suxestións, reparos ou observacións. Examinados estes pola comisión especial e practicadas cantas comprobacións se estimen necesarias, emitirá novo informe, e elevará o expediente, sometendo a conta xeral á consideración do Pleno. De non terse presentado reclamacións, suxerencias ou observacións elevarase directamente ao Pleno da Corporación. Remitirase ao Tribunal de contas e/ou Consello de contas de Galicia antes do día 15.10.15.””

O Sr. Guisasola Padín, concelleiro do Grupo Municipal do Partido Popular, fixo referencia ao plan de axuste aprobado en 2012, elaborado pola situación de crise xeral, que foi seguido con rigurosidade polo goberno anterior do que formou parte esperando que o siga respectando o goberno actual. Destacou que se cumpre a regra de estabilidade (a magnitude 1,27 é excelente, dixo) que hai superávit, aforro neto e cumprese a regra de gasto. Tamén subliñou o cumprimento do período medio de pagos, engadiu que non se axusta á realidade a acusación de “morosos” que se fai dos integrantes do goberno anterior pois hai que ter en conta que en 2011 non se cumpría practicamente nada e agora se está a pagar en “29 días e pico”. Rematou dicindo que aínda non se cumpre o apartado do remanente de tesourería, aínda negativo, pero que a cifra se vai mellorando ano tras ano de acordo co plan de axuste.

O Sr. Otero Domínguez, concelleiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, manifestou que é razoable que o Sr. Guisasola Padín defenda a súa xestión como concelleiro de economía anterior pero que só fala dos datos favorables, indicando que ter que elaborar un plan de axuste non é merito ningún, que non tivo máis remedio que facelo pero non exclusivamente pola crise, senón porque a dependencia da construción ocasionou un gasto disparatado, con grandes retrasos no pago aos provedores ata chegar aos catro millóns de euros. Indicou que se va seguir cumprindo o plan de axuste pero díxolle ao concelleiro popular que non contou na súa exposición as situacións nas que se atopan as sociedades “Insula” e “Turismode Sanxenxo” que van cara a súa desaparición e que fanse necesarias medidas que debe tomar o actual goberno para evitar o “buraco financeiro”. Tamén indicou que non se fixo referencia ó contrato ilegal de “Transportes La Unión”, as controversias coa empresa “Espina & Delfin”, as débedas do campo de fútbol de Noalla, e a varios recoñecementos extraxudiciais. Rematou dicindo que o Sr. Guisasola Padín só fala de positivo recalcando que van seguir respectando o plan de axuste e o período medio de todas as obrigas.

O Sr. Guisasola Padín agradeceu que o concelleiro nacionalista dixera que van “seguir cumprindo o plan de axuste” pois disto dedúcese que o goberno anterior tamén cumpriu. Indicou que xa fora resolta a controversia coa empresa “Espina & Delfin” do “auga do Salnés”, aínda que quedan algunhas pendentes que debe de resolver o actual goberno, considerou irrelevante a desaparición de “Insula”, que se mantén practicamente sen actividade, e que en canto a “Turismo de Sanxenxo” dixo que con esforzo e traballo pode haber solucións. Falou de que houbo máis de catro mil concellos que tiveron que aprobar un plan de axuste e que a crise afectou a todos (familias, empresas, autónomos, etc) advertindo de que senón se fixera o plan o concello sería intervido. Rematou dicindo que aínda así mantiveron os servizos, algo que non sucede co actual goberno, e que reconduciron a situación, pois en 2011 pagábase a 289 días e agora se fai a 29 días.

O **Sr. Otero Domínguez** manifestou que o Sr. Guisasola Padín sempre se refire á crise pero que o concello non tiña porque estar dentro dos catro mil que elaboraron o plan de axuste, aclarou que foi unha decisión obrigatoria coa advertencia da intervención e que o documento foi elaborado non só pola crise senón pola xestión herdada dos gobernos do PP con temas urbanísticos moi prexudiciais economicamente para o concello. Rematou considerando falso que se suprimiran servizos e dicindo que os gobernos anteriores xeraron os problemas e que agora para liberar ao concello de cargas hai que seguir un plan ata 2022.

O **Sr. Alcalde** manifestou que o ano 2014 ao que se refire a conta xeral xa está vencido e que o positivo é que diminuíu o remanente de tesourería negativo mostrándose optimista para 2016.

Ao non se producir mais intervencións o **Sr. Presidente** someteu a **Conta Xeral Consolidada de 2014** a votación na que, **por unanimidade, resultou aprobada, adoptándose o seguinte acordo:**

PRIMEIRO: aprobar a **Conta Xeral Consolidada do ano 2014 do Concello de Sanxenxo que se informou pola Comisión de Contas, Asuntos Económicos e Patrimonio na sesión celebrada o 19 de agosto de 2014.**

SEGUNDO: remitir o documento ao Consello de Contas de Galicia e ao Tribunal de Contas do Estado.-----

3º) PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA NOMEAMENTO DE REPRESENTANTE DO CONCELLO DE SANXENXO NO PADROADO DA FUNDACIÓN “MONTE CASTROVE”. O **Sr. Secretario** dá conta do ditame favorable da **Comisión de Asuntos Xerais do 24 de setembro de 2015** sobre esta proposta.

Non se producen intervencións e o **Sr. Presidente** someteu a proposta a votación, alcanzándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 9 (Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal, Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego e Grupo Municipal Mixto).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 7 (Grupo Municipal do Partido Popular).

En consecuencia, o Pleno da Corporación Municipal, pola maioría absoluta dos seus membros de dereito, adoptou o seguinte acordo:

PRIMEIRO: nomear ao concelleiro de turismo, comercio e deporte, **Jesús Joaquín Sueiro Méndez, representante do Concello de Sanxenxo no Padroado da Fundación “Monte-Castrove”** á que pertence este concello.

SEGUNDO: remitir certificación do presente á devandita fundación co documento de aceptación asinado polo interesado.-----

B) ACTIVIDADE DO CONTROL DO PLENO:

4º) POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACIÓN DO ESCRITO DA INTERVENCIÓN DE 24/07/15 (R. DE ENTRADA 7.616) MEDIANTE O QUE SE COMUNICA QUE CON ESA DATA SE REMITIU AO MINISTERIO DE FACENDA O INFORME CORRESPONDENTE AO 2º TRIMESTRE DE 2015 DE SEGUIMENTO DO PLAN DE AXUSTE. O Sr. Secretario indica que está a disposición dos membros da Corporación o escrito do Sr. Interventor, de data 24 de xullo de 2015, rexistrado de entrada co número 7.616, que a continuación se transcribe literalmente:

“Téndose emitido informe previo, preceptivo e de obriga legal por esta intervención sobre seguimento do plan de axuste efectuado por este Concello, para acollerse ao mecanismo de pago a provedores por importe de 5.059.306,98 euros, e tendo en conta o disposto no artigo 10 do R.D.L. 7/2012 de 9 de marzo, resulta que:

1.A Orden HAP/2105/2010 de 2 de outubro, no seu artigo 2, outorga ao órgano interventor da facultade exclusiva de emitir informes e remitilos aos organismos correspondentes do Estado, dos referidos na normativa de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira.

2.Esta mesma orde, no seu artigo 10, establece a obrigar de remitir, antes do día 15 de cada trimestre, información sobre o seguimento e nivel de cumprimento do plan de axuste.

3.O xa mencionado artigo 10 do R.D.L. 7/2012 establece que, dos informes do interventor, darase conta ao Pleno da Corporación.

En consecuencia:

Téndose efectuado a obriga mencionada e tendo sido remitido o informe correspondente ao segundo trimestre de 2015, polo sistema informático ou telemático establecido no Ministerio o día 27.04.15, elévese o mesmo ao Pleno da Corporación aos efectos legais previstos na normativa anteriormente citada.”

Adxunto a este escrito figuran 13 folios, numerados do 1 ao 13, co selo do concello.

A Corporación deuse por enterada.-----

5º) POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACIÓN DO ESCRITO DA INTERVENCIÓN DE 24/07/15 (R. DE ENTRADA 7.617) ACHEGANDO INFORME SOBRE O CUMPRIMENTO DOS PRAZOS DE PAGAMENTO CORRESPONDENTE AO 2º TRIMESTRE DE 2015. O Sr. Secretario indica que está a disposición dos membros da Corporación o escrito do Sr. Interventor, de data 24 de xullo de 2015 (rexistro de entrada número 7.617) e que a continuación se transcribe literalmente:

“”De acordo ao disposto no artigo 4.3 da Lei 15/2010 de 5 de xullo, publicada no B.O.E. o día 6 de xullo, achégolle a V.I. informe sobre o cumprimento dos prazos de pagamento, correspondente ao 2º trimestre de 2015, previstos nesta Lei, coa finalidade de que, por mandato legal e de acordo ao disposto no parágrafo 4, se o estima conveniente e no mesmo xeito que os efectuados nos períodos de dación anteriores, se remita ao Pleno da Corporación.

Os informes que se achegan son os relativos a cada un dos entes separados que integran o Concello de Sanxenxo. En especial remítome ao resumo dos períodos medios de pago e, en definitiva, aos pagos realizados no trimestre que constan no expediente.

Lémbrese a obriga de avanzar cara o cumprimento dos termos legais do novo marco normativo contido no artigo 216 do R.D. legislativo 3/2011 de 14 de novembro sobre prazo de pago (30 días) e devengo de xuros de demora.

A comparativa dos períodos medios de pagos (PMP) e dos períodos medios de pendente de pago (PMPP) entre o 1º trimestre de 2015 e o 2º trimestre de 2015 é a seguinte

1º trim 15	Concello	Terra
PMP	24,28	20,89
PMPP	71,55	13,41

2º trim 15	Concello	Terra	Nauta	Ínsula	Turismo
PMP	24,41	24,44	23,71	1,00	662,52
PMPP	28,88	26,96	8,36	0,00	0,00

Inda non se acadou o cumprimento estricto dos termos legais esixibles.

Asemade débese de dar cumprimento ao disposto na Lei 3/2004, modificada polo Real decreto lei 3/2013, en relación ao disposto no artigo 216 do R.D.L. 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, normas que, literalmente, din:

“La Ley 3/2004, de 29 de diciembre, fue a su vez modificada por el artículo 33.4 del Real Decreto Ley nº 4/2013, de 22 de febrero, de medidas de apoyo al emprendedor y de estímulo del crecimiento y de la creación de empleo; que literalmente establece:

Artículo 8. Indemnización por costes de cobro: “1. Cuando el deudor incurra en mora, el acreedor tendrá derecho a cobrar del deudor una cantidad fija de 40 euros, que se añadirá en todo caso y sin necesidad de petición expresa a la deuda principal.

Además, el acreedor tendrá derecho a reclamar al deudor una indemnización por todos los costes de cobro debidamente acreditados que haya sufrido a causa de la mora de éste y que superen la cantidad indicada en el párrafo anterior.

2. El deudor no estará obligado a pagar la indemnización establecida en el apartado anterior cuando no sea responsable del retraso en el pago”.

“Artículo 216. Pago del precio: “1. El contratista tendrá derecho al abono de la prestación realizada en los términos establecidos en esta Ley y en el contrato, con arreglo al precio convenido.

2. El pago del precio podrá hacerse de manera total o parcial, mediante abonos a cuenta o, en el caso de contratos de tracto sucesivo, mediante pago en cada uno de los vencimientos que se hubiesen estipulado.

3. El contratista tendrá también derecho a percibir abonos a cuenta por el importe de las operaciones preparatorias de la ejecución del contrato y que estén comprendidas en el objeto del mismo, en las condiciones señaladas en los respectivos pliegos, debiéndose asegurar los referidos pagos mediante la prestación de garantía.

4. La Administración tendrá la obligación de abonar el precio dentro de los treinta días siguientes a la fecha de aprobación de las certificaciones de obra o de los documentos que acrediten la conformidad con lo dispuesto en el contrato de los bienes entregados o servicios prestados, sin perjuicio de lo establecido en el artículo 222.4, y si se demorase, deberá abonar al contratista, a partir del cumplimiento de dicho plazo de treinta días los intereses de demora y la indemnización por los costes de cobro en los términos previstos en la Ley 3/2004, de 29 de diciembre, por la que se establecen medidas de lucha contra la morosidad en las operaciones comerciales. Para que haya lugar al inicio del cómputo de plazo para el devengo de intereses, el contratista deberá de haber cumplido la obligación de presentar la factura ante el registro administrativo correspondiente, en tiempo y forma, en el plazo de treinta días desde la fecha de entrega efectiva de las mercancías o la prestación del servicio.

Sin perjuicio de lo establecido en los artículos 222.4 y 235.1, la Administración deberá aprobar las certificaciones de obra o los documentos que acrediten la conformidad con lo dispuesto en el contrato de los bienes entregados o servicios prestados dentro de los treinta días siguientes a la entrega efectiva de los bienes o prestación del servicio, salvo acuerdo expreso en contrario establecido en el contrato y en alguno de los documentos que rijan la licitación.

En todo caso, si el contratista incumpliera el plazo de treinta días para presentar la factura ante el registro administrativo, el devengo de intereses no se iniciará hasta transcurridos treinta días desde la fecha de presentación de la factura en el registro correspondiente, sin que la Administración haya aprobado la conformidad, si procede, y efectuado el correspondiente abono.

5. Si la demora en el pago fuese superior a cuatro meses, el contratista podrá proceder, en su caso, a la suspensión del cumplimiento del contrato, debiendo comunicar a la Administración, con un mes de antelación, tal circunstancia, a efectos del reconocimiento de los derechos que puedan derivarse de dicha suspensión, en los términos establecidos en esta Ley.

6. Si la demora de la Administración fuese superior a ocho meses, el contratista tendrá derecho, asimismo, a resolver el contrato y al resarcimiento de los perjuicios que como consecuencia de ello se le originen.

7. Sin perjuicio de lo establecido en las normas tributarias y de la Seguridad Social, los abonos a cuenta que procedan por la ejecución del contrato, solo podrán ser embargados en los siguientes supuestos:

a) Para el pago de los salarios devengados por el personal del contratista en la ejecución del contrato y de las cuotas sociales derivadas de los mismos.

b) Para el pago de las obligaciones contraídas por el contratista con los subcontratistas y suministradores referido a la ejecución del contrato.

8. Las Comunidades Autónomas podrán reducir los plazos de treinta días, cuatro meses y ocho meses establecidos en los apartados 4, 5 y 6 de este artículo”.

Tense comprobado que se ten instaurado o cumprimento efectivo destes preceptos, o que foi sinalado e advertido por esta Intervención dende a entrada en vigor das normas xurídicas de referencia.””

CONCELLO DE SANXENXO:

INFORME TRIMESTRAL LEY 15/2010		TRIMESTRE	2	AÑO	2015	
CONCELLO		Pagos realizados en el trimestre				
			Dentro período legal pago		Fuera período legal pago	
	Período medio pago PMP	Período medio pago excedido PMPE	Nº pagos	Importe total	Nº pagos	Importe total
Art. 20	13,49		4,00	304.088,97		
Art. 21	25,30		50,00	27.089,64	1,00	3.656,69
Art. 22	31,80		132,00	326.887,91	266,00	120.961,76
Art. 23	35,00				1,00	60,00
Art. 24						
Art. 26						
Art. 27						
2 sin desagregar						
Cap. 6	5,93				1,00	794,38
				658.066,52		125.472,83

	Nº pagos	Importe	Intereses demora pagados en el período			
Gastos corrientes	2	490,76				
Inversiones						
Op. Comerciales						
Sin desagregar						
		490,76				0,00
CONCELLO			Pendiente de pago			
			Dentro período legal pago		Fuera período legal pago	
	Período medio pendiente pago PMPP	Período medio pendiente pago excedido PMPPE	Nº operaciones	Importe total	Nº operaciones	Importe total
Art. 20						
Art. 21	12,00		23,00	21.181,88		
Art. 22	33,39		12,00	31.426,00	129,00	53.277,72
Art. 23						
Art. 24						
Art. 26						
Art. 27						
2 sin desagregar						
Cap. 6	19,95		2,00	2.772,00		
				55.379,88		53.277,72
CONCELLO			Pendiente de reconocimiento			
	Período medio operaciones pendiente reconocimiento PMOPR		Nº operaciones	Importe total		
Cap. 2						
Cap. 6						
				0,00		

OA "TERRA DE SANXENXO":

INFORME TRIMESTRAL LEY 15/2010			TRIMESTRE	2	AÑO	2015
TERRA			Pagos realizados en el trimestre			
			Dentro período legal pago		Fuera período legal pago	
	Período medio pago PMP	Período medio pago excedido PMPE	Nº pagos	Importe total	Nº pagos	Importe total
Art. 20	24,83		9,00	135.191,31	2,00	74.677,45
Art. 21	47,64				8,00	5.689,95
Art. 22	26,28		81,00	85.534,03	48,00	40.220,49
Art. 23						
Art. 24						
Art. 26						
Art. 27						
2 sin desagregar						
Cap. 6	2,96		3,00	20.640,00		
				241.365,34		120.587,89
	Nº pagos	Importe	Intereses demora pagados en el período			
Gastos corrientes						
Inversiones						
Op. Comerciales						
Sin desagregar						
		0,00				0,00
TERRA			Pendiente de pago			
			Dentro período legal pago		Fuera período legal pago	
	Período medio pendiente pago PMPP	Período medio pendiente pago excedido PMPPE	Nº operaciones	Importe total	Nº operaciones	Importe total
Art. 20	22,00		1,00	1.331,00		
Art. 21						
Art. 22	44,24		1,00	117,25	2,00	1.380,00
Art. 23						
Art. 24						
Art. 26						
Art. 27						
2 sin desagregar						
Cap. 6	19,00		1,00	2.420,00		
				3.868,25		1.380,00

TERRA			Pendiente de reconocimiento			
	Período medio operaciones pendiente reconocimiento PMOPR		Nº operaciones	Importe total		
Cap. 2						
Cap. 6						
						0,00

“NAUTA SANXENXO, S.L.”:

INFORME TRIMESTRAL LEY 15/2010			TRIMESTRE	2	AÑO	2015
NAUTA			Pagos realizados en el trimestre			
			Dentro período legal pago		Fuera período legal pago	
	Período medio pago PMP	Período medio pago excedido PMPE	Nº pagos	Importe total	Nº pagos	Importe total
Aprovisionamientos (6)	23,69		122,00	181.282,85	9,00	64.185,37
Inmovilizado (2)	29,00		1,00	833,09		
Sin desagregar						
Total				182.115,94		64.185,37
	Nº pagos	Importe	Intereses demora pagados en el período			
Gastos corrientes						
Inversiones						
Op. Comerciales						
Sin desagregar						
		0,00				0,00
NAUTA			Pendiente de pago			
			Dentro período legal pago		Fuera período legal pago	
	Período medio pendiente pago PMPP	Período medio pendiente pago excedido PMPPE	Nº operaciones	Importe total	Nº operaciones	Importe total
Aprovisionamientos (6)	8,36		41,00	32.115,65		
Inmovilizado (2)						

Sin desagregar					
Total				32.115,65	0,00

“INSULA SANXENXO, EMPRESA MUNICIPAL DA VIVENDA E SOLO, S.L.”:

INFORME TRIMESTRAL LEY 15/2010			TRIMESTRE	2	AÑO	2015
INSULA			Pagos realizados en el trimestre			
			Dentro período legal pago		Fuera período legal pago	
	Período medio pago PMP	Período medio pago excedido PMPE	Nº pagos	Importe total	Nº pagos	Importe total
Aprovisionamientos (6)	1,00		2,00	161,34		
Inmovilizado (2)						
Sin desagregar						
Total				161,34		0,00
			Intereses demora pagados en el período			
	Nº pagos	Importe				
Gastos corrientes						
Inversiones						
Op. Comerciales						
Sin desagregar						
		0,00				0,00
INSULA			Pendiente de pago			
			Dentro período legal pago		Fuera período legal pago	
	Período medio pendiente pago PMPP	Período medio pendiente pago excedido PMPE	Nº operaciones	Importe total	Nº operaciones	Importe total
Aprovisionamientos (6)						
Inmovilizado (2)						
Sin desagregar						
Total				0,00		0,00

“TURISMO DE SANXENXO, S.L.”:

INFORME TRIMESTRAL LEY 15/2010			TRIMESTRE	2	AÑO	2015
TURISMO			Pagos realizados en el trimestre			
			Dentro período legal pago		Fuera período legal pago	
	Período medio pago PMP	Período medio pago excedido PMPE	Nº pagos	Importe total	Nº pagos	Importe total
Aprovisionamientos (6)	662,52		4,00	545,99	9,00	4.160,88
Inmovilizado (2)						
Sin desagregar						
Total				545,99		4.160,88
			Intereses demora pagados en el período			
	Nº pagos	Importe				
Gastos corrientes	0	0,00				
Inversiones						
Op. Comerciales						
Sin desagregar						
		0,00				0,00
TURISMO			Pendiente de pago			
			Dentro período legal pago		Fuera período legal pago	
	Período medio pendiente pago PMPP	Período medio pendiente pago excedido PMPPE	Nº operaciones	Importe total	Nº operaciones	Importe total
Aprovisionamientos (6)						
Inmovilizado (2)						
Sin desagregar						
Total				0,00		0,00

Adxunto a este escrito figuran 20 folios, numerados do 1 ao 20, co selo do concello.

A Corporación deuse por enterada.-----

6º) POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACIÓN DO ESCRITO DA INTERVENCIÓN DE 24/07/15 (R. DE ENTRADA Nº 7.618) POLO QUE SE INDICABA QUE CON ESA DATA COMUNICOUSE AO MINISTERIO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS O CÁLCULO DO PERÍODO MEDIO DE PAGO A PROVEDORES. O Sr. Secretario acctal. indica que está a disposición dos membros da Corporación o escrito do Sr. Interventor de 24 de xullo de 2015, rexistrado de entrada co número 7.618, que a continuación se transcribe literalmente:

“”De conformidade co artigo 4.1.b) da Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información, previstas na Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira, e de conformidade co establecido na disposición transitoria única do Real decreto 635/2014, de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das administracións públicas, con data 24.07.15, procedeuse a comunicar ao Ministerio de facenda e administracións públicas dito cálculo, cuxo xustificante se achega.

Lémbrase a obriga de publicar na páxina web do Concello o período medio de pago a provedores, segundo o artigo 6 do Real decreto 635/2014 (como mínimo trimestralmente).

Recórdase que no caso de incumprimento no sucesivo do período medio de pago iniciarase o procedemento establecido en dita norma xurídica, para que sexa o Estado quen asuma as funcións da tesourería local, procedendo á retención na participación de tributos do Estado.

O incumprimento das obrigas referidas no Real decreto 635/2014 (cálculo, subministro de información ao ministerio e publicación) poderá implicar unha infracción moi grave en materia económico-financiera, regulamentada no artigo 28 da Lei 19/2013 de Bo goberno e transparencia, lembrando que a imposición da sanción, segundo o disposto no artigo 30 da mesma lei, poderá implicar, no seu caso, a inhabilitación para o exercicio de cargos ou funcións públicas, sen prexuízo das responsabilidades penais eventuais.Sanxenxo, 24 de xullo de 2015.””

Adxunto a este escrito figuran 3 folios, numerados do 1 ao 3, co selo do concello.

A Corporación deuse por enterada.-----

7º) POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACIÓN DO ESCRITO DA INTERVENCIÓN DE 24/07/15 (R. DE ENTRADA 7.619) ACHEGANDO INFORME SOBRE EXECUCIÓN TRIMESTRAL DOS ORZAMENTOS SEPARADOS RELATIVOS AO 2º TRIMESTRE DE 2015. O Sr. Secretario acctal. indica que está a disposición dos membros da Corporación o escrito do Sr. Interventor, de 24 de xullo de 2015, rexistrado de entrada co número 7.619, que a continuación se transcribe literalmente:

“Achégase informe sobre execución trimestral dos orzamentos separados relativos ao segundo trimestre de 2015, coa finalidade de cumprimentar o dereito e deber de subministro de información ao que se refire a Orde ministerial HAP/2105/2012 de 1 de outubro e a Orde ministerial EHA/4041/2004 de 23 de novembro”.

Adxunto a este escrito figuran 68 folios, numerados do 1 ao 68, co selo do concello.

A Corporación deuse por enterada.-----

8º) POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACIÓN DO ESCRITO DA INTERVENCIÓN DE 15/09/15 COMUNICANDO QUE CON DATA DO 11/09/15 SE REMITIU AO MINISTERIO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS AS LIÑAS FUNDAMENTAIS DO ORZAMENTO PARA O ANO 2016. O Sr. Secretario acctal. indica que está a disposición dos membros da Corporación o escrito do Sr. Interventor, de 15 de setembro de 2015 que a continuación se transcribe literalmente:

““Con data 11.09.15 remitíronse ao Ministerio de facenda e administracións públicas as liñas fundamentais do orzamento para o ano 2016.

En virtude do disposto na Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, achégaselle copia das mesmas para a súa dación de conta ao Pleno da Corporación.””

Adxunto a este escrito figuran 29 folios, numerados do 1 ao 29, co selo do concello.

A Corporación deuse por enterada.-----

9º) POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACIÓN DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DITADAS DENDE O 01 DE XULLO AO 31 DE AGOSTO DE 2015 (DE RES. Nº 939/15 A RES Nº 1307/15). O Sr. Presidente expón que no expediente estiveron á disposición dos/as concelleiros/as as Resolucións da Alcaldía ditadas dende o 01 de xullo ao 31 de agosto de 2015, dando cumprimento ao disposto no artigo 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, preguntando se se quere algunha aclaración, sen que se formule ningunha.

A Corporación deuse por enterada.-----

Seguidamente, antes de pasar ao correspondente punto de rogos e preguntas e de conformidade co disposto no artigo 97.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais preséntanse as seguintes mocións:

MOCIÓNS:

1º) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR SOBRE O NOVO REGULAMENTO DE CARGA E DESCARGA NA PRAZA DO MAR (R. DE ENTRADA NÚMERO 10.065 DO 28/09/15). A Sra. Lago Martínez, concelleira do Grupo Municipal do Partido Popular, deu lectura deu lectura á moción que a continuación se transcribe literalmente:

““O GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR DO CONCELLO DE SANXENXO, conforme ó previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, desexa elevar ao Pleno do Concello a seguinte

MOCIÓN SOBRE O NOVO REGULAMENTO DE CARGA E DESCARGA NA PRAZA DO MAR

A finais de xullo o actual grupo de goberno decide tomar medidas sobre a carga e descarga no entorno da zona portuaria da vila de Sanxenxo. Así, a nova normativa municipal, traslada o espazo de carga e descarga de toda a zona mencionada á Praza do Mar.

O argumento que xustifica esta decisión, segundo o propio goberno, é a de recuperar a Praza dos Barcos para o uso e disfrute pleno dos veciños e tamén para garantir a seguridade de carga e descarga de mercancías.

Dende o grupo municipal do Partido Popular entendemos que a Praza dos Barcos é un espazo de espaxamento, ao mesmo tempo que, pola súa situación, tamén pode servir de punto estratéxico á hora de favorecer e facilitar a carga e descarga.

A partires da toma desa decisión todos fomos testemuñas das queixas protagonizadas polos propios empresarios do sector turístico e polos provedores que atenden ás necesidades diarias destes establecementos.

Ademais veciños deste Concello, propietarios de diferentes negocios coñecidos por todos, recibiron ultimatros procedentes das propias empresas subministradoras debido ao descontrol que causaba no seu traballo diario esta decisión, tendo incluso que desdobrar o persoal debido á longa distancia que debían de percorrer.

Paralelo a isto, e tomando man do argumento que vostedes usan de seguridade nas operacións de carga e descarga, dicirilles que non sabemos si por descoñecemento, pero a realidade é que ese perigo que había na Praza dos Barcos foi trasladado, en parte, á Praza do Mar. Polo que o risco de que poida suceder algún accidente persiste. Sobre todo si se ten en conta a medida anunciada de converter a Praza do Mar en aparcamento. Estarán de acordo con nós en que a seguridade sería inexistente cando vehículos e repartidores cargados de mercancía coincidan no mesmo traxecto, cuestión que é moi probable que suceda. Así como cando visitantes e veciños, xunto con nenos xogando, se atopen na Praza do Mar, xa que o perigo seguiría existindo.

De toda a situación vivida este verán en relación ó tema que nos ocupa, queda constancia nas fotografías que axuntamos a esta moción, onde se pode ver como transeúntes coinciden nese espazo con repartidores e camións.

Por todo exposto, o Grupo Municipal do Partido Popular de Sanxenxo eleva ao Pleno do Concello esta MOCIÓN SOBRE O NOVO REGULAMENTO DE CARGA E DESCARGA NA PRAZA DO MAR e:

Instamos ao goberno a:

- Consensuar co sector afectado a elaboración dunha nova medida relativa á carga e descarga que recolla a situación real, que se dea a coñecer e se poña en marcha no menor prazo de tempo posible.””

Xustificou a urxencia a **Sra. Lago Martínez** dicindo que agora que acaba o verán é o momento idóneo para redactar un novo regulamento.

O **Sr. Alcalde** aclarou que non hai ningunha normativa municipal e que o que se adoptou foi unha decisión do goberno porque na Praza dos Barcos había un perigo claro de accidente pois incluso era moi común observar como os nenos xogaban baixo os camións. Só houbo un traslado en carretillas das mercadorías de cincuenta metros lineais e a permisividade e flexibilidade anterior fixo tomar unha decisión urxente en beneficio da seguridade.

Indicou que agora non é urxente debatir a moción do PP nin aprobar regulamentos e informou de que o goberno local está a valorar outras alternativas de horarios e de ocupacións e rematou recalando que foi unha decisión provisional levando os camións para a Praza do Mar pois alí había unhas vallas de protección para que non pasaran os peóns.

A **Sra. Lago Martínez** indicou que logo se estude rapidamente a cuestión para beneficio de todos.

A continuación, ao non producirse mais intervencións sobre a declaración da urxencia da moción, o **Sr. Presidente** someteu a votación a declaración da urxencia da moción, alcanzándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 7 (Grupo Municipal do Partido Popular).

Votos en contra: 9 (Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal, Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego e Grupo Municipal Mixto).

Votos pola Abstención: 0.

En consecuencia e, **ao non obter o voto favorable da maioría absoluta dos membros de dereito da Corporación, non resultou aprobada a declaración de urxencia desta moción.**----

2º) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR SOBRE O NOVO REGULAMENTO ORGÁNICO DO CONCELLO DE SANXENXO (R. DE ENTRADA NÚMERO 10.064 DO 28/09/15). A **Sra. Deza Martínez, concelleira do Grupo Municipal do Partido Popular**, deu lectura deu lectura á moción que a continuación se transcribe literalmente:

“O GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR DO CONCELLO DE SANXENXO, conforme ó previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, desexa elevar ao Pleno do Concello a seguinte

MOCIÓN SOBRE O NOVO REGULAMENTO ORGÁNICO DO CONCELLO DE SANXENXO

Nunca se dera no concello de Sanxenxo unha situación como a actual, na que a oposición está conformada por un único grupo político, sendo, ademais o mesmo, o partido máis votado nos últimos comicios celebrados e que polo tanto, representa a meirande parte dos veciños de Sanxenxo.

Sendo así, desde o Grupo Municipal do Partido Popular, entendemos que o Regulamento Orgánico do concello de Sanxenxo en vigor restrinxe a participación cidadá a través das limitacións á participación dos seus representantes electos nos órganos de fiscalización e control do goberno.

Estas restricións reflíctense, entre outros, no artigo 16 do referido Regulamento Orgánico, segundo o cal as comisións informativas intégranse por un compoñente de cada grupo político municipal, resultando que o grupo máis votado, ó igual que o menos votado, ten un único representante en cada unha das comisións, dándose o paradoxo de que os 9 membros do grupo de goberno teñen 4 representantes e os 8 membros restantes da corporación (o Grupo Municipal do Partido Popular) teñen un só.

Así mesmo, a tenor do apartado 2 do citado artigo 16 “os ditames aprobaranse polo sistema de voto ponderado, mediante o que se concede a cada membro da comisión un número de votos igual ao número de compoñentes do grupo político a quen representa[...].”

Pois ben, os artigos 123 e 125 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, así como a interpretación dada ós mesmos, ó amparo do artigo 23 da Constitución Española polo Tribunal Constitucional nas súas sentenzas 30/1993 e 32/1985, entre outras, e recollidas en sentenzas do Alto Tribunal, entre outras, de 17/12/2001; 08/02/1999; veñen a confirmar que existe unha consolidada xurisprudencia sobre que a composición e forma de funcionamento das comisións informativas deben respectar o sistema de proporcionalidade do pleno por un lado xa que ó ser divisións internas de este deben reproducir en canto sexa posible a estrutura política do mesmo, e o principio de indelegabilidade do voto dos concelleiros por outro.

Por outra banda, debemos analizar a sección 3ª do Regulamento Orgánico dedicado ós debates do pleno. Recolle o Artigo 30 que os diversos grupos políticos disporán de dúas quendas de intervención, sen embargo, non contempla a posibilidade de réplica ou de contestación por alusións, de modo que o grupo maioritario da corporación vese limitado a facer dúas únicas intervencións, mentres que o grupo de goberno pode chegar a facer ata seis intervencións, sen contar as que realice o propio presidente. Novamente nos atopamos cunha restrición que coarta a capacidade de fiscalización e control que pode exercer o grupo maioritario sobre a labor do goberno.

Por último, debemos facer fincapé na sección 4ª, relativa á limitación no número de mocións, rogos e preguntas que se permiten formular. O número máximo de mocións que se poden presentar ascenden a 3, non obstante, poden presentarse ata unha totalidade de 4 rogos e 4 preguntas. Temos que partir da base de que as mocións e as preguntas son uns mecanismos de control da actuación do equipo de goberno, que garanten a participación cidadá nos asuntos públicos, polo que desde o Grupo Municipal do Partido Popular entendemos que o número non debería estar limitado.

Por todo exposto, o Grupo Municipal do Partido Popular de Sanxenxo eleva ó Pleno do Concello esta MOCIÓN SOBRE O NOVO REGULAMENTO ORGÁNICO e:

Instamos ao goberno a:

- Convocar unha xunta de portavoces para elaborar un novo regulamento orgánico que avale a participación cidadá sen restricións a través dos seus representantes electos, que sexa equitativo para todos os grupos políticos representados na corporación e que garanta o principio de proporcionalidade entre os mesmos.””

A **Sra. Deza Martínez** defendeu a urxencia incidindo en que coa situación actual, con oito concelleiros na oposición, teñen unha representación mínima nas comisións informativas e unha capacidade mínima tamén para intervir, engadindo que a situación en gobernos anteriores era distinta.

O **Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego**, díxolle á concelleira popular que ten que comprender que son vítimas dun regulamento que eles aprobaron. Indicoulle que non representan á meirande parte dos veciños e que dita representación a tiña o goberno municipal que ten a obriga de representar a todos. Tamén dixo que os argumentos xurídicos utilizados na moción parecen transmitir a idea de que o voto ponderado é ilegal cando este sistema funciona dende o 2007 para solucionar a representatividade demandada no seu día polo “VIPS”. Rematou dicindo que lle parece sorprendente agora suxerir que sean ilimitadas as mocións a presentar e indefinidos os debates “parece que nos veñen agora coa multiplicación dos pans e dos peixes”, e que en tódolos concellos hai límites polo que cualificou a proposta como de “victimista”.

O **Sr. Alcalde** indicou que a moción non era urxente manifestando que incluso había certas incorreccións no texto. Informou de que había un regulamento orgánico en vigor cos informes favorables correspondentes e que este non foi impugnado por ninguén logo da publicación, polo que teñen claro que o texto se axusta á normativa.

A continuación, ao non producirse mais intervencións sobre a declaración da urxencia da moción, o **Sr. Presidente someteu a votación a declaración da urxencia da moción**, alcanzándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 7 (Grupo Municipal do Partido Popular).

Votos en contra: 9 (Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal, Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego e Grupo Municipal Mixto).

Votos pola Abstención: 0.

En consecuencia e, **ao non obter o voto favorable da maioría absoluta dos membros de dereito da Corporación, non resultou aprobada a declaración de urxencia desta moción.**----

3º) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR SOBRE A ELABORACIÓN DOS ORZAMENTOS MUNICIPAIS PARA O ANO 2016. O Sr. **Guisasola Padín, concelleiro do Grupo Municipal do Partido Popular,** deu lectura de lectura á moción que a continuación se transcribe literalmente:

“O GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR DO CONCELLO DE SANXENXO, conforme ó previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, desexa elevar ao Pleno do Concello a seguinte

MOCIÓN SOBRE A ELABORACIÓN DOS ORZAMENTOS MUNICIPAIS PARA O ANO 2016

Para o Grupo Municipal do Partido Popular é imprescindible contar cun documento que recolla a previsión de GASTOS e INGRESOS que se presupoñen para todo un ano (dende o 1 de xaneiro ao 31 de decembro).

A través dos orzamentos, o goberno establece as súas prioridades políticas. Así, veciños e veciñas poden coñecer en que se vai gastar, as cantidades e cales van a ser os ingresos cos que se financien ditos gastos.

Todos os presentes vimos como dende o ano 1999 Sanxenxo viviu unha transformación que se traduciu no incremento de servizos, infraestruturas e, en resumo, na mellora da calidade de vida para os nosos veciños e veciñas. Este cambio levou implícita xestión, acompañada do uso de todos os mecanismos legais dentro do aspecto económico, sempre baixo a fiscalización dos servizos de intervención do propio Concello para poder conseguilo.

Dende o Grupo Municipal do Partido Popular, durante a pasada campaña municipal, fixemos un esforzo por explicar a importancia de ter uns orzamentos aprobados para poder planificar investimentos e políticas dentro do noso Concello. Tampouco queremos obviar o empeño que puxemos e poñemos en que é preciso informar ós veciños da situación de partida para confeccionar os orzamentos, ó mesmo tempo que facelos partícipes das decisións.

Por todo exposto, o Grupo Municipal do Partido Popular de Sanxenxo eleva ao Pleno do Concello esta MOCIÓN SOBRE A ELABORACIÓN DOS ORZAMENTOS MUNICIPAIS PARA O ANO 2016 e:

Instamos ao goberno a:

- Iniciar todos os trámites para confeccionar os orzamentos 2016 e poder telos operativos dende o día 1 de xaneiro.””

O Sr. **Alcalde** manifestou que xa se deu conta no punto oitavo deste pleno de que se remitiron ao Ministerio de Facenda e Administracións públicas as liñas fundamentais do orzamento do ano 2016.

O Sr. Guisasola Padín considerou urxente elaborar agora os orzamentos de 2016 porque os trámites son longos cunha exposición pública por prazo dun mes. Manifestou así que senón se aproban antes do 31 de outubro é improbable que estean operativos o 1 de xaneiro de 2016 e rematou dicindo que cre que se está en disposición de ter un orzamentos en vigor para esa data.

O **Sr. Alcalde** considerou que non era urxente adoptar o acordo que propón o Partido Popular, lembrando que xa se iniciaron os trámites enviando a información das liñas xerais ao ministerio. Anunciou tamén que quere facer participe do documento orzamentario á oposición incluíndo algunha emenda ou proposta deles na fase de concreción das partidas, esperando que estea operativo o documento contable canto antes.

A continuación, ao non producirse mais intervencións sobre a declaración da urxencia da moción, o **Sr. Presidente someteu a votación a declaración da urxencia da moción**, alcanzándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 7 (Grupo Municipal do Partido Popular).

Votos en contra: 9 (Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal, Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego e Grupo Municipal Mixto).

Votos pola Abstención: 0.

En consecuencia e, **ao non obter o voto favorable da maioría absoluta dos membros de dereito da Corporación, non resultou aprobada a declaración de urxencia desta moción.**----

ROGOS: non se formularon.

PREGUNTAS:

1º) O **Sr. Deza Otero, concelleiro do Grupo Municipal do Partido Popular**, deu lectura a un escrito que literalmente di:

“Sr. Alcalde

¿É vostede coñecedor de cal foi o motivo polo que a Concelleira de medio ambiente e entorno rural lle prohibiu ao clube de piragüismo de Portonovo o aparcamento na praia de Montalvo, sendo todos coñecedores de que esta iniciativa ten como único obxectivo conseguir recursos para financiar a súa actividade?.

¿Van empregar o mesmo criterio para todos os aparcamentos creados cos mesmos fins?”

O **Sr. Alcalde** manifestou que houbo unha denuncia dunha asociación ecoloxista pola utilización nesa zona de dominio público cuxa utilización ten informes negativos do Servizo Provincial de Costas.-----

2º) O Sr. Domínguez Piñeiro, concelleiro do Grupo Municipal do Partido Popular, deu lectura a un escrito que literalmente di:

“”Sr. Alcalde

Púxose en contacto con nós unha nai que presentou un escrito por rexistro, con data do 4 de xullo, en representación dun grupo de pais, por un incidente ocorrido o día 30 de xuño nas pistas do Colexio de Portonovo cunha queixa pola actitude que tivo a concelleira de educación, servizos sociais e normalización lingüística cos seus fillos, unha actitude impropia dunha persoa que ocupa un cargo como o seu.

A nosa pregunta é ¿ten coñecemento vostede deste escrito e do contido do mesmo? E ¿cal vai ser a resposta a este grupo de pais? Porque creemos que case tres meses é un tempo máis que prudencial para responder a un escrito deste tipo.””

A continuación deu lectura ao escrito ao que se refería nos parágrafos precedentes do seguinte tenor literal, deixando claro que el limitábase a ler o escrito sen máis, pois non coñece os feitos:

“”**Laura González Fernández residente en A Granxa Dorrón en representación de un grupo de Padres de Portonovo y otros puntos del Concello de Sanxenxo.**

EXPONE:

Que queremos mostrar ante Ud. Nuestro malestar y repulsa, por la actitud de prepotencia y abuso de poder de su cargo Público llevada a cabo con nuestros hijos, el pasado día 30 de Junio, cuando estos se disponían a jugar un partido de futbol en el recinto del **CEIP de Portonovo, por la Concejal de Educación y Servicios Sociales del Concello de Sanxenxo Dña Sandra Fernández Agraso.**

El pasado martes día 30 de Junio sobre las 17.00 horas cuando nuestros hijos se disponían a jugar un partido de futbol en el recinto del Colegio de Portonovo, algo que es habitual y que se viene haciendo durante décadas atrás, se presenta ante ellos la **Concejal de Educación y Servicios Sociales, Dña Sandra Fernández Agraso, diciéndole que es la Conselleira de Educación y que les obliga a abandonar el recinto donde se encuentran trepando la valla metálica que circunda dicho centro y que mide más de dos metros de altura, con el peligro de integridad física que eso conlleva, pudiendo haberse lesionado cualquiera de nuestros hijos al abandonar el lugar, además de existir una puerta lateral, por la cual creemos que ha accedido la Sña. Concejal pero que a su entender no era el lugar exacto de salida de nuestros hijos, tratándolos ésta Concejala como si fueran animales salvajes para lo cual les obliga a salir trepando la valla de cierre perimetral de más de 2 metros de altura.**

Sñr. Alcalde: creemos que, primero no es competencia de la Sña. Concejala, expulsar a nadie de un recinto Público, haciendo abuso de Poder de su cargo Político, menester que como padres creemos que le pertenece al Conserje del Centro Escolar o en su caso a la Policía Local de este Concello, recordándole que un Concejal no tiene ni nunca debe hacer abuso de la Autoridad que representa y menos ante niños.

Los padres creemos que nuestros niños, no están cometiendo ningún **delito por jugar un partido de fútbol en este lugar, ya que en Portonovo no existe ningún otro lugar para desarrollar esta actividad, y que además se viene realizando desde décadas atrás**, es por lo cual que aprovechamos la ocasión para pedirle que no se impida a nuestros hijos realizar esta actividad en este lugar, a no ser que se les pueda habilitar otra zona en el entorno de iguales condiciones, **y menos aún que quien lo prohíba sea un representante político como en este caso la Concejala de Educación y Servicios Sociales.**

Ante la actitud de Prepotencia y menosprecio mostrada por la Sña. Fernández Agraso, por su abuso de poder y por la falta de Sensibilidad ante este grupo de niños, **le pedimos que sea DESTITUIDA del CARGO que le ha sido encomendado de manera INMEDIATA, ya que no parece reunir un mínimo de condiciones de Valor, Respeto y de Cortesía, ante CIUDADANÍA de este Concello.**

Es por lo que le pedimos, tenga por aceptado este escrito y esperamos que no vuelva a suceder en el futuro nada parecido.

Esperamos su respuesta, mi número de tl. 608952347.

Sin otro particular, reciba un cordial saludo. Fdo) Laura González Fernández. En Sanxenxo a 3 de Julio de 2015.””

A concelleira aludida **Sra. Fernández Agraso, concelleira do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego**, manifestou que os feitos tiveron lugar un venres cando había unha actividade de TDH (nenos con dificultades) e estaban tamén presentes representantes da ANPA do colexio. Dixo que entraron no recinto escolar uns quince rapaces de 16 ou 17 anos que saltaron o valado. Persoalmente lle dixen que aí non podían estar pero non lle indiquei como debían saír; ou sexa, non lles obriguei a saltar o valado para abandonar as instalacións. Tratouse dun “allanamiento” dos terreos do colexio. Continuou dicindo que, efectivamente, identificouse como concelleira e que a súa obriga era que se desenvolveran as actividades que se estaban a realizar no patio escolar con normalidade. Insistiu novamente en que non puxo en perigo a seguridade dos rapaces porque non houbo orde de saltar o valado. Que a dirección do centro xa espuxo varias veces a súa queixa pola entrada irregular de persoas nas instalacións educativas. Precisou que o valado presenta ademais problemas porque ás veces deben reforzarse os elementos do mesmo ao quedar ferros ao aire e incluso manifestou que íanse poñer carteis sobre os riscos que pode ocasionar o salto do valado. Afirmou que tiña un informe da ANPA do sucedido e, cualifou de “mentiras” as acusacións que se realizan en contra da súa persoa. Rematou dicindo que se está a enviar a contestación a asinante do escrito.

O Sr. Domínguez Piñeiro díxolle a concelleira de servizos sociais que se poña en contacto coa persoa denunciante e que se regule o acceso ao recinto do colexio.-----

3º) A Sra. Freire Fernández, concelleira do Grupo Municipal do Partido Popular deu lectura a un escrito que literalmente di:

“”Sra. Concelleira de medio ambiente e entorno rural.

Nos últimos anos, con motivo das festas de Portonovo e Sanxenxo, as vivendas dos propietarios das atraccións que no concello de instalan foron trasladadas ós terreos coñecidos como Cidade Deportiva.

Dende o Partido Socialista, ao que vostede representa, e criticaron esta medida, incluso con ameazas de acudir ao Seprona.

Pensabamos que se trataba dunha crítica construtiva, que vostedes tiñan outra alternativa.

Por iso, a nosa pregunta é ¿Qué foi o que levou a Concelleira de medio ambiente e entorno rural, e representante do grupo socialista, a manter esa mesma ubicación tan criticada?.””

O **Sr. Alcalde** manifestou que a decisión de albergar alí á xente das atraccións foi del e non da concelleira de medio ambiente, porque ata o de agora non se atopou un lugar máis axeitado. Recoñece que a actual situación non é acertada pero que se hai algunha proposta máis beneficiosa se pode propoñer para tela en conta no futuro porque o certo é que lévase moitos anos con este problema e non é doado resolvelo.-----

4º) O Sr. Rea Perez, concelleiro do Grupo Municipal do Partido Popular, preguntou se hai provedores que deixaron de ser subministradores do concello pola débeda que ten.

O **Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego,** afirmou que non entendía moi ben ao que se refería o concelleiro popular. Indicou que algún provedor sí deixou de facer subministros polos atrasos nos pagos pero foi na época do goberno anterior. Indicou que co novo goberno non lle constan negativas de provedores ata o de agora.

O **Sr. Alcalde** fixo mención a uns pagos pendentes das derradeiras edicións da concentración de motos de setembro as que haberá que facer fronte.-----

E non habendo máis asuntos dos que tratar, a presidencia da pror rematada a sesión sendo as vinte e unha horas e cuarenta e cinco minutos, de todo o que, eu secretario accidental, **dou fe:**